

**NOTA DE PRENSA 018/23
05 DE MAIO DE 2023**

**GUITIRIZ ACOLLE A SEGUNDA PROBA DO CAMPIONATO GALEGO DE
SLALOM**

A segunda cita do Campionato de Slalom repite en Lugo. Logo do debut competitivo de 2023 en Monterroso, o certame autonómico chega a Guitiriz este sábado 6 de maio, con 49 equipos na lista de inscritos.

A proba, organizada por a Escudería Scratch Fene, comezará ás 11:00 horas coa celebración da primeira das mangas de adestramentos, para afrontar sen deterse a segunda pasada de preparación.

A partires das 16:30 horas, os participantes afrontarán as dúas dúas mangas oficiais, das que sairá o vencedor desta segunda data do certame galego de slalom.

Entre os principais inscritos nesta proba, os dous primeiros clasificados no certame tras Monterroso, Manuel Trevín e Iván Picallo, ademáis de outros importantes como Sergio Fernández ou Aitor Fornos, que foron quinto e sexto clasificados na data inaugural.

Miguel Ángel Cela chega como líder da modalidade de iniciación, o mesmo que Damián Pena en debutantes, favorito por diante de Aaron Antelo, que foi segundo en Monterroso.

A publicación dos resultados oficiais da proba está marcada para as 20:30 horas coa entrega de premios aos gañadores ás 21:15 horas no Campo da Feira de Guitiriz.